XERENCIA



Casa da Balconada. Rúa Nova, 6. 15782 Santiago de Compostela Tel 881811010- Fax:881 811210 Correo electrónico: xerente@usc.es

Estimado provedor,

Compráceme comunicarlle que están publicados na páxina do CIXTEC (https://factura.conselleriadefacenda.es/eFactura_web/) no apartado de "unidades tramitadoras" os códigos DIR3 da USC, empregados para a facturación electrónica. Estes códigos xunto co resto de información para a presentación de facturas na USC está accesible en http://www.usc.es/gl/goberno/xerencia/informacionprovedores.html

Dende o 15 de xaneiro do presente ano en que entrou en vigor o novo modelo de facturación esixido por lei no que se establece a obriga da alta no *Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Comunidade Autónoma de Galicia* ten transcorrido prazo suficiente para a necesaria adaptación dos nosos provedores as obrigas derivadas da inserción de facturas electrónicas o a alta de facturas manuais no SEF.

A pesares do tempo transcorrido, algúns dos nosos provedores, seguen a facer a tramitación das facturas tal como viñan facendo en exercicios pasados ou como moito entregando no rexistro da USC as facturas. Este xeito de proceder, xunto coa obriga que temos de incorporar todas as facturas ao portal de facturas SEF está a supoñer unha carga de traballo administrativo adicional para a USC que é difícil de xestionar.

Tendo en conta o anterior, a USC estima oportuno restrinxir os supostos admitidos para a presentación de facturas en formato papel por parte dos seus provedores e ao amparo do establecido no artigo 4 da *Lei 25/2013*, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, a USC establece que:

- 1. A partir do 1 de xuño de 2015, os provedores da USC deberán presentar factura electrónica, e non poderán presentar a factura en formato papel no Rexistro Administrativo, cando se dea algún algún dos seguintes requisitos:
 - Importe da factura igual ou superior a 5.000,00 €, e/ou
 - O provedor presente 5 ou mais facturas mensuais para a USC
- 2. Tal e como se indica na Instrución XVII/2014, serán rexeitadas as facturas que non indiquen os seguintes datos básicos:
 - a. Centro da USC ao que se dirixe (unidade tramitadora)
 - b. Expediente de contratación ou número de folla de pedimento

Esperamos contar coa súa comprensión e colaboración no entendemento de que co transcurso do tempo se superen os atrancos que neste momento supón a irrupción dun cambio importante na práctica comercial.

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2015



XERENCIA



Casa da Balconada. Rúa Nova, 6. 15782 Santiago de Compostela Tel 881811010- Fax:881 811210 Correo electrónico: xerente@usc.es

Estimado proveedor,

Me complace comunicarle que están publicados en la página del CIXTEC (https://factura.conselleriadefacenda.es/eFactura_web/) en el apartado de "unidades tramitadoras" los códigos DIR3 de la USC, empleados para la facturación electrónica. Estos códigos junto con el resto de información para la presentación de facturas en la USC está accesible en http://www.usc.es/gl/goberno/xerencia/informacionprovedores.html

Desde el 15 de enero del presente año en que entró en vigor el nuevo modelo de facturación exigido por ley en el que se establece la obligación de alta en el *Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Comunidade Autónoma de Galicia* ha transcurrido plazo suficiente para la necesaria adaptación de nuestros proveedores a las obligaciones derivadas de la inserción de facturas electrónicas o el alta de facturas manuales en el SEF.

A pesar del tiempo transcurrido, algunos de nuestros proveedores, siguen haciendo la tramitación de las facturas tal y como venían haciendo en ejercicios pasados o como mucho entregando en el registro de la USC las facturas. Esta forma de proceder, junto con la obligación que tenemos de incorporar todas las facturas al portal de facturas SEF supone una carga de trabajo administrativo adicional para la USC que es difícil de gestionar.

Teniendo en cuenta lo anterior, la USC estima oportuno restringir los supuestos admitidos para la presentación de facturas en formato papel por parte de sus proveedores y al amparo de lo establecido en el artículo 4 da Ley 25/2013, de 27 de diciembre, de impulso de la factura electrónica y creación del registro contable de facturas en el Sector Público, la USC establece que:

- 1. A partir del 1 de junio de 2015, los proveedores de la USC deberán presentar factura electrónica, y no podrán presentar la factura en formato papel en el Registro Administrativo, cuando se dé alguno de los siguientes requisitos:
 - Importe de la factura igual o superior a 5.000,00 €, y/o
 - El proveedor presente 5 o más facturas mensuales para la USC
- 2. Tal y como se indica en la Instrucción XVII/2014, serán rechazadas las facturas que no indiquen los siguientes datos básicos:
 - a. Centro de la USC al que se dirige (unidad tramitadora)
 - b. Expediente de contratación o número de hoja de pedido

Esperamos contar con su comprensión y colaboración esperando que con el transcurso del tiempo se superen los obstáculos que en este momento supone la irrupción de un cambio importante en la práctica comercial.

Santiago de Compostela, 28 de mayo de 2015

osé Manuel Villanueva Prieto